

SANTUARIOS DO CONCELLO DO INCIO (LUGO).

O SAN EUFRASIO (VAL DO MAO). A SANTA LUCÍA E A SÚA DANZA (A CERVELA). OS REMEDIOS (FOILEBAR).

***A CONFRARÍA E A FESTIVIDADE DE SAN EUFRASIO
EN SANTA MARÍA DO MAO(INCIO)***

**PUBLICADO EN *TEMPOS DE FESTA EN GALICIA*. T. I. FUNDACIÓN CAIXA
GALICIA. ANO 2006, PÁXS. 407-417.
EN *LUCENSIA* (REVISTA DA BIBLIOTECA DO SEMINARIO DIOCESANO DE LUGO.
Nº 2, 1992.**

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

I. A CONFRARÍA DO SAN EUFRASIO.

As confrarías son asociacións eclesiásticas, que teñen como finalidade aumentar o culto público. Reciben o seu nome dos misterios da relixión cristiá; das festas do Señor, da Virxe, dos Santos ou do fin da asociación. As confrarías en Galicia xa tiñan vixencia nos séculos XII e XIII. A este respecto o código outorgado por Alfonso X á terra de Santiago no ano 1252 fai alusión, entre outros trazos, ao seguinte: ***"Otrossi mando que non fagan confradías, nin iures males nin ningures malos ayuntamientos, que sean a danno de la terra e a mengua do mio sennorio, sino para dar a comer a pobres, o para luminaria, o para soterrar muertos"***¹. Por medio deste documento podemos apreciar a incorporación de agrupacións, que van a ter como obxectivos básicos o de dar de comer aos pobres; a iluminación dos diferentes eventos, ligados ao culto; e o de enterrar aos mortos. Ademais, estas poden estar erixidas en igrexas ou en oratorios públicos, ocupando no seu interior un altar determinado ou unha pequena capela.

A confraría do San Eufrasio está situada na parroquia de Santa María do Val de Mao (Incio). Foi fundada hai varios séculos. No ano 1678 esta irmandade constaba de 150 confrades, que pagaban unha cota anual de cinco cuartos. Os novos estatutos ou constitucións desta agrupación foron firmados polo prior e párroco desta comunidade, Frey Mauro Gómez; por dous confrades: Diego Monteiro e Xoán González; e aprobados e firmados polo abade de Samos, D. Mauro Añel, o 13 de Xaneiro de 1681.

Segundo as constitucións, a esta confraría podían pertencer fieis de ambos os dous sexos, orixinarios tanto desta comunidade parroquial como doutras, que pagaban de cota de entrada 20 maravedís e outros vinte todos os anos no día da Ascensión. ***"Ordenamos que puedan entrar en esta dicha cofradía todas las personas que quisieran, de cualquier estado que sean, pagando el día que se escribieran por cofrades, veynte mrs,...y todos los años en un día señalado, que sería el de la Ascensión de Ntro. Señor, los mismos veynte mrs."*** (Constitucion 1ª).

A festa da asociación conmemorábase o día da Ascensión do Señor, debido á enorme afluencia de devotos, que viñan o día propio da festividade do Santo. ***"...que es el día que ha parecido señalar para la fiesta principal desta Cofradía, por estar el de la fiesta del Santo ocupado con el bullicio de la feria"*** (Constitución 2ª).

¹ LÓPEZ FERREIRO, Antonio. *Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra*. T. I, Santiago, 1985, páx. 359.

Esta confraría celebraba unha serie de cultos relixiosos no transcurso do ano, a saber,

1º.- No día da Ascensión oficiábanse varias misas rezadas e concelebrábase unha misa cantada, na que participaban varios cregos e párrocos de comunidades colindantes; o seu número variaba dun ano a outro segundo as disponibilidades económicas da agrupación. Ao rematar a misa cantada celebrábase unha procesión polo recinto eclesial, na que saía a imaxe do San Eufrasio levada nas anadas por catro confrades; logo, ían os cregos concelebrantes; e, como remate, un bo número de confrades, levando velas acesas. Ao terminar este ritual, cantábase un responso polos confrades defuntos. ***"Ordenamos que dicho día de la Ascensión se diga la misa del día cantada...y después de ella se ordenare una procesión por el campo y cabildo de la Iglesia, llevando...la imagen del glorioso S.Eufrasio y todos los cofrades velas encendidas. Y acabada la procesión, se cantare un Responso por los cofrades difuntos" (Constitución 4ª).***

2º.- Todos os cuartos domingos de cada mes o párroco oficiaba unha misa. Ao seu remate, sacaba en procesión polo recinto eclesial a imaxe do San Eufrasio, que era portada nas andas por catro confrades; neste ritual participaban moitos confrades con velas acesas, que adoitaban tamén intervir no responso polos confrades finados, que se celebraba ao acabar a procesión. ***"...que todos los Domingos cuartos de cada mes, despues de la misa se haga una procesión por los claustros, o cabildo, y con ella se lleve la imagen del Santo, y todos los cofrades velas encendidas, y acabada la procesión se cantare un Responso por los Cofrades difuntos...." (Constitución 5ª).***

3º.- Cando finaba un confrade, a confraría facíalle honras cunha misa sempre e cando houberse fondos na asociación. ***"Y teniendo posibilidad la cofradía, se le dirá, a su costa, una misa." (Constitución 6ª).***

Todas estas misas se ofrecían polo ben espiritual e temporal de todos os confrades tanto vivos como mortos. ***"Y así estas misas de los cuartos domingos, como la cantada el día de la Ascensión y las demás rezadas de aquel día...ofrecemos...por el bien espiritual de todos sus cofrades y también por el temporal, y juntamente por las ánimas de los cofrades difuntos" (Constitución 5ª).***

4º.- Cando morría un confrade, a irmandade concedía doce candeas para o seu enterro, e outras tantas para o día do novenario e para o cabodano; estas permanecían acesas no altar e sepultura, mentres se realizaban os oficios funerarios. ***"Y para su entierro ha de dar la cofradía doce velas, y otras tantas para el día del nouenario y cabodeño, las cuales se pondran en el altar y sepultura encendidas, mientas se cantare vigilia, misa y Responso" (Constitución 7ª).***

Por outra banda, na confraría está latente a “idea da morte”, reflectida nos responsos que se

dicen logo das procesións, que se levan a cabo ao rematar as misas de ofrenda; e, tamén, na cera que se entrega aos familiares do confrade finado para usala nos diferentes rituais funerarios. Esta idea da morte aínda segue latente na actualidade en moitas confrarías nas que a cera ocupa a súa principal función.

Con respecto a súa administración, unha das figuras máis relevantes era a do mordomo, que adoitaba ser elixido o primeiro domingo logo da Ascensión ou ao seguinte polo párroco, polo mordomo saínte e por dous confrades de boa conciencia. A súa elección recaía nun confrade, veciño da parroquia, que debía aceptar o cargo baixo a pena de que ademais de realizar o labor encomendado se lle quitaba unha libra de cera para a confraría. ***"Y al dicho Mayordomo así elegido le obligamos desde luego a que acete dicho oficio sin que pueda, ni le valga el querer escusarse, pena de que, además de su obligado a hacer dicho oficio, como se le manda, pague y se le saque con efecto una libra de cera, que aplicamos para la Cofradía"(Constitución 8ª).*** O mordomo tiña ao seu cargo as seguintes obrigas:

1ª. Cobrar as entradas e a esmola anual, que pagaban os confrades.

2ª. Pedir todos os domingos na igrexa.

3ª. Pagar as misas, que se oficiaban pola cofradía. ***"...se dara a los sacerdotes que hubiesen asistido llamados del Mayordomo....un desayuno y la pitanza de las misas, que será por la cantada quatro Rs. y un quartillo, y por cada una de las rezadas, tres"(Constitución 4ª).***

4ª. Mercar a cera necesaria para as funcións da asociación, así como pesala no intre da súa saída para algunha función e posterior entrada coa finalidade de evitar todo engano. ***"...en presencia de los cuales se pesare dicha cera antes y después de cada una de las funciones, a que saliese.....y se evite todo fraude..."(Constitución 9ª).***

5ª. Avisar ao párroco da morte de calquer confrade.

6ª. Ao remate do ano dar conta da súa tarefa ao mordomo entrante; ao párroco e a dous confrades, elixidos polo párroco en función da súa capacidade intelectual.

Todas estas obrigacións realizabaas o mordomo sen recibir ningún carto, agás cando tiña que levar a cera a freguesías colindantes co Val do Mao; neses casos os familiares do defunto tiñan a obrigación de proporcionarlle a comidad o un real.

Pola súa banda os confrades debían cumprir unha serie de obrigacións, emanadas dos estatutos da confraría.

1ª. Debían confesarse e comulgar o domingo da Ascensión. ***"...han de procurar confesarse y***

comulgar todos los cofrades aquel día para asistir a la misa y procesión con la disposición debida" (Constitución 2ª).

2ª. Debían rezar un rosario cando morrese algún confrade. "***Y todos los cofrades tendran obligación a rezar cada uno un rosario entero por el anima del difunto" (Constitución 6ª).***

3ª. Pagar a cota da confraría.

4ª. Asistir aos funerais doutros confrades.

Estas obrigacions tiñan que ser cumpridas, xa que aqueles que non o fixesen pagarían unha multa, que nunca podría superar unha libra de cera.

Así mesmo, o 6 de maio de 1953, e coincidindo co auxe da devoción á Virxe de Fátima, o bispo da diocese de Lugo, Excmo.Sr. Balanzá e Navarro, aproba os novos Estatutos da Confraría da Santísima Virxe do Rosario, da Virxe de Fátima, e do San Eufrasio.

A nova irmandade vai ser administrada por unha xunta directiva, presidida por un director, nomeado polo bispo da diocese; un secretario; un mordomo e sete vocais.

O director vai ter as seguintes funcións: convocar e presidir as reunións, que estime mester; supervisar o libro de contas e, tamén, o de altas e baixas dos confrades; planificar todo o que está ligado cos cultos da confraría, a saber: a solemne novena ao San Eufrasio; os oficios relixiosos na súa honra os días 15 e 16 de maio; e a solemnidade coa que se debe levar a cabo os meses de maio e outono na honra da Virxe de Fátima e do Rosario.

O mordomo é o encargado de recadar as cotas anuais dos confrades, que oscilan de cinco a quince ptas., segundo a idade dos mesmos ; de asistir aos cultos da novena así como aos dos días 15 e 16 de maio; de satisfacer os gastos da confraría etc. Polos seus servicios a xunta podrá acordar darlle unha paga anual.

Os sete vocais, que representan a cada un dos lugares da parroquia, teñen como misión fomentar e progagar entre os seus veciños a devoción á Virxe de Fátima; estimular a asistencia aos cultos da confraría; revisar os libros de contas da asociación; e levar a cabo a cuestación popular para sufragar os gastos da festa profana.

Finalmente, os confrades teñen dereito a recibir unha medalla da irmandade, previa bendición, e a que se oficien a súa morte tres misas cun responso. Pola conta, teñen o deber moral de asistir as solemnes festas dos días 15 e 16 de maio, dedicadas ao San Eufrasio; e a confesarse e comulgar no santuario unha vez ao ano.

II.- A FESTIVIDADE DO SAN EUFRASIO.

1. LOCALIZACIÓN.

1.1. P. ECLESIAÍSTICA. Situado na freguesía de Santa María do Mao, que depende do arciprestado de Samos e da diocese de Lugo.

1.2. P. CIVIL. Pertence á parroquia de Santa María do Mao, concello do Incio, e provincia de Lugo.

1.3. COORDENADAS U.T.M.

X: 636.738

Y: 4.729.340

2º. DESCRICIÓN ARTÍSTICA DO SANTUARIO.

O templo parroquial, despois dun breve período visigótico, sería adaptado ao estilo románico. O frontispicio amosa un sinxelo pórtico, sostido por catro columnas dóricas. É algo máis ancho cá nave e pecha o recinto eclesiástico pola parte frontal. Posúe unha espadana de dous vans. Unha porta con arco de medio punto e sen imposta permite o acceso a unha nave alongada e elevada cunha cuberta a dúas augas. O presbiterio, máis alto e reducido cá nave, comunícase con esta por medio dun sinxelo arco triunfal de medio punto e conta cunha capela maior provista dun relevante retablo renacentista, que amosa dous corpos con tres fornelas cada un coas advocacións de Santa María, Santo Eufrasio, Santa Bárbara, San Bieito e San Xoán. Ten ademáis o santuario un pórtico corrido, que oculta todo o exterior do templo. Trátase do adro-cemiterio, representativo das tres igrexas ergueitas na comarca do Mao.

No centro da nave dúas lápidas superpostas cobren o sepulcro de Santo Eufrasio. . Na pedra superior, primitiva, hai unha inscrición alusiva ao traslado dalgunha das reliquias do santop ao mosteiro do Escorial e a Andújar, cidade situada ao noroeste da actual provicia de Xaén, de onde trouxeron ata o val do Mao os restos do varón apostólico. Un pequeno piar moderno sustenta na cabeceira da sepultura unha talla barroca do santo. Antano, unha reixa que mandara construír a comezos do XVII o bispo de Tui, don Francisco Terrones del Caño, protexía o enterramento polas catro esquinas. Os seus ferros subían dende os cantos, formando unha bóveda sobre a que asentaba unha fornela cadrada con ocos polas catro arestas. No seu interior encontrábase a imaxe do Santo Eufrasio.

3ª. TRADICIÓN E HISTORIA.

No ano 67 da nosa era, sete santos varóns, Torcuato, Ctesifonte, Esiquio, Indalecio, Segundo, Cecilio e Eufrasio, despois de recibiren en Roma a consagración episcopal por parte dos apóstolos Pedro e Paulo, foron enviados a España para constituiren outras tantas sés episcopais. Eufrasio fundou a sé en Iliturgis, preto de Andújar, onde o martirizaron logo de ser tentado para que abandonase a súa fe. Segundo a tradición, foi enterrado na antiga ermida de Santa Potenciana, na comarca de Andújar.

En tempos dos reis godos o corpo do Santo Eufrasio gozaba de gran veneración en Iliturgis. Euloxio de Córdoba (750- 859) arcebispo de Toledo, manifesta no seu libro Apoloxético dos Mártires como o rei Sisebuto construíu un gran templo para honrar a Santo Eufrasio sobre o seu mesmo sepulcro.

Mais a principios do século VIII a invasión árabe da península motiva o traslado de restos de corpos santos venerados no sur cara ao norte, non dominado polos musulmáns. As reliquias do Santo Eufrasio, segundo Castellá Ferrer, A. Cianca, Ambrosio de Morales e outros estudosos deste tema, foron traídos ata o Val do Mao, no termo xurisdiccional da abadía benedictina de Samos.

Ata finais do século XIV rexístrase un baleiro histórico en relación coa figura do santo. Ante esa carencia de testemuños documentais, cumpriría preguntar se puido influír no seu esquecemento o medo ás frecuentes incursións e profanacións existentes naqueles tempos, ou ben se era coñecido o feito sen que se conservase nada por escrito. En todo o caso, segundo Jesús Gómez López, é curioso que non se fixese ningunha mención coñecida á súa presenza nos documentos locais conservados.

As lembranzas agroman de novo no ano 1536, cando o abade de Samos D. Arias III (González) fai unha escritura de doazón para a capela do Santo Eufrasio, situada nos termos do convento, probablemente en Santa María do Mao, onde desexa ser enterrado. Dótaa con xenerosidade para que se diga nela unha misa diaria pola súa alma.

En 1571 D. Juan del Caño, natural de Andújar e cóengo-catedrático de Sagrada Escritura da cidade de León, grazas aos devotos que van á festa do Santo Eufrasio no Val do Mao, descobre o lugar onde se atopan as reliquias do patrón da súa cidade natal. Este achado permite ao autor comunicar o feito aos cabidos eclesiástico e segrar de Andújar e iso posibilita que, no ano 1574, a cidade andaluza decida levantar un templo a Santo Eufrasio, que vai ser inaugurado no 1576,

realizando daquela a predicación o mesmo doutor del Caño.

Pasados algúns anos o doutor Francisco Terrones, predicador do rei Filipe II, tivo a ocasión de visitar ó padre Pedro Barba, abade de San Benito el Real de Valladolid e xeral da súa orde. Na conversación que mantiveron saíu o tema das antigas reliquias de santos que había en España. O abade manifestou que o distrito do mosteiro de Samos era abondoso nelas, sendo a máis egrexia a do glorioso Santo Eufrasio. O doutor Terrones, logo de escoitar o nome do bispo da súa terra natal, pregou ao abade xeral dos beneditinos que dese unha orde ao convento de Samos coa finalidade de que lle entregase a Andújar algunhas reliquias do santo. E o abade respondeulle que o faría, sempre e cando llo mandase “El Rei, noso señor”.

No ano 1596 a cidade andaluza reclamou unha reliquia do seu padroeiro, mediante a intervención de Filipe II. Para dar satisfacción ao pedimento, o abade de Samos frei Diego de Ledesma con algúns monxes foron ao Val do Mao para sacar algunhas reliquias do sepulcro do venerado Eufrasio. E así, revestido coas indumentarias litúrxicas, o abade sacou o óso dun brazo do corpo santo e outros tres ósos máis pequenos e púxoos con moita reverencia no altar maior. O óso do brazo entregoullo a frei Mauro, que representaba a cidade de Andújar, e os outros, para a Súa Maxestade, deullos ao padre xeral da orde de San Bieito.

O 11 de maio do ano seguinte, os irmáns frei Mauro e Francisco Terrones levaron canda eles, con moita devoción, a reliquia do santo a Andújar. Depositárona no convento da Nosa Señora da Vitoria, da orde de San Francisco de Paula. En días sucesivos tivo lugar o recibimento oficial que a cidade lle tributou á Santa Reliquia, que logo que daría depositada na igrexa do Santo Eufrasio.

Pasados os anos, no 1630, D. Francisco de Castro, conde de Lemos e vicerrei de Nápoles, retirouse ao priorado de Santa María do Mao para levar unha vida penitente durante algúns anos ao pé do sepulcro do varón apostólico.

Nas constitucións sinodais da abadía de Samos de 1664 déronse normas para unha mellor asistencia ás procesións xerais en honra do santo. Isto é un importante dato que nos fai pensar que naqueles tempos acudía ao santuario un gran número de devotos.

4ª. LENDA SOBRE A ORIXE DO SANTUARIO.

A situación do sepulcro propiciaría o nacemento dunha lenda, que na actualidade aínda se garda na memoria da xente. Trátase dun argumento lkendario de carácter relixioso, que coincide substancialmente cos doutros traslados de reliquias de santos, implicando así unha estreita relación dunha comunidade a unha imaxe e mais o que esta representa, en canto punto de encontro entre o humano e o sagrado.

Díse “que cando os mouros chegaron a España, o corpo do Santo Eufrasio foi traído nun asno ata a vila de Foilebar, que se encontra na faldra do monte Oribio. De seguido o burro descendeu dende Foilebar ata o Val do Mao, distante uns cinco quilómetros. Alí comeu nunhas silveiras ó caron do camino, que cruzaba dende Veiga de Arriba cara a Vilasouto, no centro do val. Inicialmentge algún vecinos de Samos levaron o animal coa súa carga ata o mosteiro. Mais ó disputalo con outras aldeas do val, decidiron deixar libre ao asno, que retornou de novo a comer nas silveiras. Despois quixeron levar o corpo santo a Alende, onde estaba a igrexa parroquial de Santa María de Mao, mais o asno coa súa carga tampoco quixo quedarse nese lugar. Entón, os habitantes do val decidiron construír unha capela nas silveiras, lugar onde parara o burro a comer unha e outra vez.

Anos despois, debido á gran afluencia de romeiros, que viñan en peregrinación ata a capela, decidiron trasladar a igrexa parroquial ó citado lugar, e no centro do templo deixaron o sepulcro do santo.

Hai outra versión da lenda, que relata que o asno viña só coa caixa que contiña o corpo do santo, menos a cabeza. O burro parou nunhas silveiras das que non quixo seguir adiante, sendo escondido nelas o corpo”.

Pola devandita lenda compróbase, unha vez máis, como as paraxes de aparicións reincidentes, afastadas das poboacións por situárense na maleza pouco accesible dos campos, nas covas ou nos montes, foron cambiando de función ao se estimaren como sagradas, coa conseguinte construción de santuarios permanentes.

5. FESTIVIDADE E TERRITORIO DE GRACIA DO SANTUARIO.

A festividade do Santo Eufrasio conmemórase habitualmente os días 15 e 16 de maio. O 16 é

festivo no concello do Incio, xa que o santo ten a consideración de “alcalde perpetuo” dun xeito honorífico.

Con respecto a súa devoción, xa falaba a mediados do século XVI D. Francisco de Molina no seu libro *Descripción del Reyno de Galicia*, onde manifestaba que acudían devotos non só de moitas freguesías galegas, senón tamén da provincia de León. Na actualidade, acuden dun xeito preferente dos concellos do Incio, Samos, Sarria, Triacastela, dos das Terras do Lemos e de Lugo capital.

6. PEDIMENTOS DOS DEVOTOS.

En xeral os devotos ofrécese por si mesmos, aínda que hai ocasións nas que actúan como substitutos doutras persoas, que non puideron acudir por algún motivo, case sempre ligado con doenzas. Algúns veñen logo de que o santo lles atenda o pedimento. En cambio outros acoden, suplicantes, para que Santo Eufrasio medie ante doenzas humanas ligadas dun modo fundamental cos ósos. Segundo nos dixo José Vila Busto, o santo, dende sempre, foi considerado abogado para o reuma. Outro tipo de motivación estiveron relacionadas cos diversos problemas, que perturban o espírito da persoa, que poden ser de índole familiar, laboral ou social. Outra petición que se fixo específica no transcurso dos anos foi a de pregarlle pola paz, quizais como consecuencia de que Eufrasio fose vítima da xenreira e da intransixencia humana durante toda a súa vida.

Pois ben, os devotos para encontrar acougo e solución as súas petición cumpren cunha serie de promesas, reflectidas nos seguintes rituais e ofrendas.

7. RITUAIS DE DEVOCIÓN.

Hai unha serie de prácticas de índole relixiosa, que os devotos ofrecen ao Santo Eufrasio. Estas están ligadas cunha liturxia de carácter oficialista ou popular.

7.1. RITUAIS DE CARÁCTER OFICIALISTA.

7.1.1. A NOVENA A SAN EUFRASIO.

Nos nove días anteriores á festividade, un importante número de devotos participan na

celebración da novena composta por D. Pedro González López, párroco de Santa María do Mao entre os anos 1886-1916. Neses días realízanse diversos oficios relixiosos como o rezo do rosario; lecturas de salmos vinculados ao santo; oración xerais e propias de cada día; misa diaria; e petición por parte dos asistentes ofrecidos. Antano, na novena, celebrábase tamén un acto fúnebre polas intención dos confrades vivos e defuntos. “...**durante el novenario se celebrará diariamente una misa y un acto fúnebre con asistencia a de dos sacerdotes, por las intenciones de cofrades vivos y en sufragio de los fallecidos**”². Na novena adoita participar un número importante de fieis, xa que é unha práctica de carácter colectivo na que se despertan sentimentos, e vivencias relixiosas moi arraigadas.

7.1.2. CELEBRACIÓN DE MISAS.

O día 15 de maio, un bo número de cregos, procedentes de parroquias limítrofes ou vinculados afectivamente coa comunidade de Santa María do Mao, participan nas mias, oficiadas dende as oito da mañá ata a unha e media da tarde, na que se celebra unha misa solemne, concelebrada por varios cregos ; o seu número pode variar dun ano a outro. Non obstante, o día 16 soen oficiarse dúas ou tres eucaristías.

7.1.3. RITUAL DA PROCESIÓN.

Ao rematar a misa da unha e media, concelebrada por varios cregos, sae a procesión, que vai ata o campo da festa, onde da a volta, retornando ao seu punto de orixe. Na cabeza vai un fregués, portando a cruz parroquial e séguenlle varias advocacións: a da Inmaculada Concepción; a da Virxe de Fátima; a de Santa María, patroa da parroquia; a do San Antón; a do Corazón de Xesús; a do San San Xosé; e a o Santo Eufrasio. As imaxes lévanas en andas homes ou mulleres, segundo os santos sexan masculinos ou femininos. O desfile péchanos os cregos concelebrantes; algúns membros da orquestra; e mais os devotos, mesturados sen distinción de idade ou sexo. A procesión, que non falta en ningún santuario e festa parroquial, ten como finalidade manifestar a sacralidade ao entorno circundante dun xeito triunfante.

² Estatutos da Confraría do San Eufrasio. Ano 1953.

7.1.4. RITUAIS DA CONFESIÓN E COMUNIÓN.

Estes dous rituais, íntimamente ligados, seguen tendo vixencia nun bo numero de devotos. Antano, os fieis da comunidade adoitaban aproveitar a festividade do Santo para levar a cabo o precepto pascoal. *“Se recomienda a los cofrades, que confiesen y comulguen en la iglesia-santuario por lo menos una vez al año”*³.

7.2. RITUAIS DE CARÁCTER POPULAR. RITUAIS PURIFICADORES E DE CONTACTO.

No transcurso da mañá, os ofrecidos levan a cabo unha serie de rituais purificadores e de contacto. Ás primeiras horas acoden varias devotas que, de xeonllos, dan unha ou máis voltas arredor do sepulcro do santo. Este rito foi moi importante ao longo dos anos. De feito, hai unha inscrición na lápida sepulcral na que se podía ler: “1 de junio de 1596 (bajo este sepulcro están los huesos de Eufrasio)”. No obstante hoxe en día o texto está case borrado debido ao continuo roce dos numerosos xeonllos de romeiros, que realizaron este ritual. De todos os xeitos, agora as cerimoniais máis frecuentes son as de contacto, como a imposición do relicario por parte dalgún crego, que intervén nos oficios relixiosos dese día, ou tamén por parte dalgún fregués da comunidade parroquial; outro ritual de contacto é bicar o manto do San Eufrasio e pasar as mans ou panos pola venerada imaxe.

8. OFRENDAS.

Os devotos achegan “velóns” (cirios pequenos), que colocan acesos arredor da sepultura do varón apostólico. Depositán ramos de flores enriba do seu sepulcro. Dan unha esmola no intre da imposición do relicario ou ben a deixan nunha boeta ou peto, que hai na parte posterior da tumba. Os cartos recollidos nese peto adminístranos dúas mulleres da parroquia, que compren flores para o sepulcro cando é mester. Ademais, algúns ofrecidos traen tamén exvotos de cera, que simbolizan parcial ou totalmente o corpo humano; estes colócanse na parte dianteira da tumba do santo, e antano quedaban pendurados da reixa, que protexía a sepultura.

O cumprimento das promesas non só se realiza nos días da festividade no santuario, senón que en calquera domingo do ano acoden devotos doutras comunidades parroquiais para pregar ao santo a

³ Estatutos da Confraría. Artigo 14.

súa intercesión ante todo tipo de petición.

9. FEITOS TRANSCENDENTAIS LIGADOS AO SANTUARIO.

Cómpre decir que o santuario está vinculado a unha serie de milagres, que motivaron en gran medida que a súa área de influencia relixiosa fose aumentando ao longo dos anos. E entre os prodixios atribuídos ao santo recódanse principalmente dous.

No ano de 1596 frei Mauro de Terrones, monxe da Orde de San Bieito, atopábase doente dende había vinte e oito anos cunha chaga, que tiña no peito, e quedou san logo de entrar no sepulcro do glorioso Santo Eufrasio. Nese mesma data, ao abrirse a caixa que contiña os restos do santo, espallouse por toda a igrexa un aroma moi suave. Ese feito tivo tal zona que a comezos do século XX fíxose insistente o rumor de que da tumba do varón apostólico en Santa María do Mao emanaba unha fragancia moi peculiar.

Outro dos portentos máis recoñecido refírese a un home paralítico, que fora levado ao santuario nunha cabalaría o día 14 de maio, véspera da festa do Santo Eufrasio. Ao chegar ao lugar denominado O Couso, preto do lugar da Veiga de Abaixo, viu a igrexa e escoitou as súas campás, e nese momento o home curou de xeito instantáneo a súa doenza. Logo baixou do cabalo e foi a pé ata o templo para darlle as grazas ao santo.

Se ben nun principio os milagres do Santo Eufrasio déronse a coñecer pola orden beneditina, encargada da administración do santuario, foron despois os propios devotos os que comunicaban, entre os seus achegados e coñecidos, o seu poder benfeitor. Isto motivou que o seu territorio de graza fose aumentando, de tal xeito que no último terzo do século XVI o xa citado doutor Juan del Caño advertise que unha grande afluencia de devotos ía da rexión leonesa ao santuario do Santo Eufrasio no Val do Mao.

10. DIMENSIÓN PROFANA.

Cumpridos os oficios relixiosos, os devotos e fregueses da comunidade participan dos diferentes actos vinculados coa festa profana, organizada cada ano por un barrio da parroquia. Así, no ano 2005 correspondeulle ese cometido aos veciños da Veiga de Abaixo, que tamén organizaron o 15 de Agosto a festa patronal de Santa María.

Todos os anos os ramistas do barrio, ao que lle corresponda facer a festa, traen canda eles fogueteas, que tiran para anunciar os actos e os momentos relevantes de cada xornada festiva; contratan as orquestras, que serven para deleitar ás persoas da parroquia e doutras comunidades, e poxan os terreos do campo da festa entre vendedores ambulantes, que teñen como obxectivo específico ofrecer diferentes viandas, bebidas, xoguetes etc., para consumo e lecer de todos os participantes.

11. IDENTIDADE E IRMANDADE.

Conforme ao exposto por Lisón Tolosana, o patrón da freguesía de Santa María do Mao actúa como paradigma da virtude e da moral, propiciando un sentido cívico comunitario, que queda reflectido non só nunha serie de traballos agrícolas senón tamén en momentos de crise da comunidade como doenzas, defuncións e todo tipo de problemas, que poidan afectar á parroquia no seu conxunto.

Ademais, aínda que o santo está ligado a unha freguesía, posúe tamén unha área de influencia sobre o exterior. Esta manifestase en canto a súa operatividade, reflectida nas curacións e solución de problemas, que propiciou ao longo da súa historia.

É moi probable, aínda que non hai datos que o confirmen, que a área de influencia do santo, abranguendo terras de León, seguise constante nos séculos XVII, XVIII e XIX. Pero no XX o terreo de graza do Santo Eufrasio foi diminuindo ata quedar reducido as Terras de Lemos, O Incio, Samos, Sarria e Lugo capital. Este descenso debeuse posiblemente a que na área de influencia inicial xurdiron importantes templos dedicados a diferentes advocacións de Cristo, da Virxe e doutros santos, o que permitiu a moitas persoas necesitadas acceder santuarios máis achegados cos mesmos pedimentos.

Por outra banda, dende que no século XVI a cidade de Andújar coñeceu que o sepulcro do seu primeiro bispo se atopaba no Val do Mao, é probable que comezase xa unha irmandade potencial entre ambas as dúas comunidades. Esta posible interacción quedou consolidada por medio de dúas peregrinacións, procedentes de Xaén e Andújar, realizadas no último terzo do século pasado.

A primeira, que se celebrou no 1970, foi presidida polo bispo da diocese de Xaén, que o Santo Eufrasio é co-patrón. A outra veu no ano de 1988, acudindo a Santa María do Mao uns cento

cincuenta peregrinos pertencentes á Confraría dos Irmáns Maiores do Santo Eufrasio de Andújar.

E hoxe en día esa irmandade segue en vigor. Hai pequenos grupos da comunidade andaluza, que acoden case todos os anos ao santuario con algunha ofrenda. Ademais, coñecemos unhas cantigas na honra do santo, que tiveron a súa orixe en Andújar e que, paseniño, comezan a propagarse na comunidade galega do val, que custodia as reliquias de tan glorioso varón apostólico.

*Las enseñanzas de Santiago
a nuestro pueblo vinistes a dar
te hicieron mártir por enseñarnos
el buen camino de la verdad.*

*Fuiste semilla de nuestros campos,
los que abonaste con gran amor
y aquí nos tienes, somos el fruto
pues abrazamos tu religión.*

*Sin olvidar que somos hermanos
unidos siempre con gran fervor
rendimos culto a San Eufrasio,
a San Eufrasio, nuestro Patrón.*

*Ante tu imagen con alegría,
siempre al amparo de tu bondad,
te suplicamos que nos bendigas
y que nos llenes de amor y paz.*

12. BIBLIOGRAFÍA.-

BLANCO PRADO, José Manuel: “ La Cofradía de San Eufrasio en Val do Mao”, en ***Lucensia nº 2***. (Rev. da Biblioteca do Seminario Diocesano), Lugo, 1991.

BLANCO PRADO, José Manuel: ***Exvotos e rituais nos Santuarios lucenses***, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

Estatutos da Confraría da Santísima Virxe do Rosario, de Fátima e do San Eufrasio. Ano 1953.

Libro da Confraría do San Eufrasio. Anos 1681-1914.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: ***Antropología social y hermenéutica***, Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1983.

LOPEZ FERREIRO, Antonio: ***Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra***. T. I. Santiago, 1985.

LÓPEZ RUBÍN, P.: San Eufrasio. Varón Apostólico, Lugo: Deputación Provincial, 1994, 2ª ed.

TERRONES Y ROBLES, A.: Vida, Martirio, Translación y Milagros de San Eufrasio, Obispo y Patrón de Andújar. Jaén: Diputación Provincial, 1996, ed. facsímile.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías: ***Inventario Artístico de Lugo y su provincia***. T. IV. Madrid, 1980.

13. ILUSTRACIÓNS.



SANTUARIO DO SAN EUFRASIO.



A SANTA RELIQUIA



IMPOSICIÓN DA RELIQUIA DO SAN EUFRASIO



RITUAL DE CONTACTO. DEVOTA BICANDO A IMAXE DO SAN EUFRASIO



***DIVERSIDADE DE OFRENDAS COLOCADAS NO SARTEGO DO SAN EUFRASIO.
CIRIOS, FIGURAS DE CERA, FRORES.***



DEVOTA OFRECENDO UNHA ESMOLA NO SARTEGO DO SAN EUFRASIO



RITUAL DE CONTACTO. DEVOTO PASANDO A MAN POLA IMAXE DO SANTO.



RITUAL PROCESIONAL.



***RITUAL PROCESIONAL. IMAXE DO SAN EUFRASIO LEVADA NAS ANDAS
POR CATRO FREGUESES.***



DETALLE DO SARTEGO DO SAN EUFRASIO CON DIFERENTES OFRENDAS




RITUAL PROCESIONAL. SAN EUFRASIO.

O SANTUARIO DA SANTA LUCÍA E A SÚA DANZA (SAN CRISTOVO DA CERVELA)

PUBLICACIÓN: BOLETÍN DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO. T.VII. VOL.2. 1995-96. PÁXS. 183-201.

EXVOTOS E RITUAIS NOS SANTUARIOS LUCENSES. LUGO: DEPUTACIÓN PROVINCIAL, 1996.

MAPA MUNICIPAL



I. O ANTIGO SANTUARIO DO SAN ROQUE.

Hai anos, o 16 de Agosto, conmemorábase a festividade do San Roque nunha pequena capela do lugar de Penelas, da que aínda se conservan algúns restos.

O párroco oficiaba unha misa solemne a primeira hora da tarde e ao seu remate sacaba ao San Roque en procesión, portado nas andas por catro fregueses da comunidade, e dirixíanse ata unha fonte, chamada “o pozo”, onde o párroco bendicía todos os anos a súa auga, que era bebida e levada en botellas polos devotos para as súas casas cunha finalidade profiláctica e sandadora. Os devotos, que participaban neste ritual, ían cantando no seu percorrido unha serie de estrofas alusivas ao Santo, que comezaban do seguinte xeito: ***“Roque, santo peregrino, líbranos da peste e males...”***.

Ademais, un bo número de romeiros levaban de ofrenda “centeo”, que adoitaban botalo por riba da imaxe do San Roque, que estaba colocada no centro da capela enriba dunha colcha, coa finalidade de tentar cubrila co devandito cereal. Este no seu contacto coa imaxe sagrada quedaba sacralizado. Por iso moitos devotos, despois de facer a ofrenda, levaban para as súas casas un pouco de centeo para botarllo aos animais: galiñas, porcos... cunha finalidade profiláctica e curativa.

II. O SANTUARIO DA SANTA LUCÍA

1. LOCALIZACIÓN.

1.1. P. ECLESIAÍSTICA. Situado na freguesía de San Cristovo da Cervela, arciprestado de Sarria, e diocese de Lugo.

1.2. P. CIVIL. Emprazado na parroquia de San Cristovo da Cervela, concello do Incio, provincia de Lugo.

1.3. COORDENADAS U.T.M.

X: 643. 946. Y: 4. 727. 729.

2. TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

Trátase dunha igrexa parroquial, de estilo románico, cun pequeno recinto de adro-cemiterio. Consta dunha nave a dúas augas, cuberta de lousa sobre madeira. Amosa unha portada de arco de medio punto con dúas arquivoltas de baquetón moi similares. A súa ábsida é máis baixa e reducida que a nave, con laterais protexidos por contrafortes. No interior da ábsida hai pinturas murais, que parecen posteriores á época da igrexa; no lateral dereito distínguense tres figuras humanas con sinxelas coroas radiantes. Ademais hai un retablo coas imaxes de Cristo, San Cristovo, San Roque, e unha Virxe co neno; son talles do século XVII ⁴.

3. A FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA DOS DEVOTOS.

Antano a festividade da Santa Lucía celebrábase o día trece do Nadal. Hai anos a comunidade parroquial cambiou a data de celebración para o último domingo do mes de agosto. Deste xeito tentaba evitarse unha climatoloxía adversa e ademais tendíase a que os emigrantes da parroquia, de vacacións nesas datas, puidesen participar tamén do evento festivo.

A esta festividade adoitan acudir devotos dos concellos non só do Incio senón tamén de Samos, Sarria, Bóveda, Monforte e de Lugo capital.

4. PEDIMENTOS E PROMESAS.

Os devotos pregan á santa a súa intercesión ante as doenzas da vista. Polo tanto, adoitan levar a cabo unha serie de promesas no intre de realizar o pedimento ou, tamén, logo de que esta lles outorgase as peticións requiridas. Deste xeito, os devotos adoitan realizar os seguintes rituais e ofrendas:

4.1. Participan na novena, adicada á santa, que se celebra na igrexa parroquial uns días antes da súa festividade. Entre os actos que se levan a cabo na novena distíngo os seguintes: rezo do Sto. Rosario e celebración da Sta.Misa; lectura de salmos acerca da santa; oracións para cada día e oracións xerais; e, como remate, rogo do devoto á santa.

⁴ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, páxs. 166-168.

4.2. Asisten á misa solemne da unha da tarde, que é concelebrada polo párroco e varios cregos de comunidades colindantes. Hai anos, ademais da misa solemne, oficiábanse outras tres ou catro no transcurso da mañá.

4.3. Algúns adoitan tocar coas súas mans e panos a imaxe da santa e logo pásanos polos seus ollos. Tanto as mans como os panos quedan sacralizados no seu contacto coa imaxe, usándose cunha finalidade profiláctica e curativa.

4.4. Ofrecen unha esmola e un cirio.

4.5. Participan na procesión.

Así, ao rematar a misa solemne chega unha comitiva formadas por varios fregueses de ambos os dous sexos que, ataviados con traxes rexionais ou con mantos floreados sobre os ombros, entran no interior da igrexa para sacar en procesión as imaxes do San Antón, do San Roque, do San Cristovo, da Santa Lucía, e da Virxe do Rosario; estas están enfeitadas con espadanas, follas verdes e flores do lugar.

A procesión percorre o espazo situado ao carón do adro e dá a volta arredor dunha cruz de ferro para retornar ao seu lugar de orixe.

4.3.1. A DANZA DOS ARCOS. ÚLTIMA DÉCADA DO SÉCULO XX.

Fóra da igrexa hai catro danzaríns, que agardan a saída da procesión para empezar a danza. Levan posto camisas brancas, pantalóns negros con franxas roxas na súa parte inferior, mantillas floreadas sobre os ombros, sombreiros enfeitados con colonias e uns arquiños adornados con cintas de diversas cores.

Os seus nomes son.

Xavier López Rodríguez, Clemente López Leizao, Xosé Manuel López Rodríguez e Manuel Torres Díaz. Case todos levan danzando uns seis anos baixo a coordinación de ***Manuel López González***, que foi danzante durante uns trinta anos. Outros promotores desta danza foron ***Xosé Rodríguez, Clemente López Loureiro*** etc.

O ritual da danza celébrase inicialmente coa procesión detida e logo en movemento. No ritual lévanse a cabo unha serie de cerimoniais.

1ª. "**As Venias**" á Virxe do Rosario, que se fan en parellas e os catro xuntos, dúas e tres veces cara adiante e outras tantas cara atrás. Isto faise tamén cos arquiños xuntos - de dous en dous-.

2ª. "**As Volteretas ou Corros**", que teñen lugar ó redor da Virxe.

3ª. Fan unha "**media volta**" ó redor da Virxe, tres veces.

4ª. "**Os Repasos**", que se dan a toda a procesión dun xeito normal, é dicir, dous danzantes por cada lado, cruzándose despois de cada imaxe tanto ao baixar como ao subir. Tamén fan o repaso os catro en fila de a un cos arquiños xunguidos. Estes repasos rematan sempre diante da Virxe do Rosario ó redor da cal sempre dan unha voltereta.

5ª. Case ó rematar a primeira parte os danzantes bailan un punto de muiñeira ata chegar o primeiro santo.

Na segunda parte, cando a procesión se pon en movemento, repítense as mesmas cerimoniais variando unicamente o nivel cuantitativo das mesmas.

"Ó son da muiñeira os chavales empezan a bailar e facer unhas ceremonias a Virgen. Primeiro fan unha de dous en dous. Fan a primeira cerimonia, pasan por detrás de la Virgen e cruzanse, o que iba pola dereita ben pola izquierda e o que iba pola izquierda ben pola dereita. Os segundos fan o mesmo, van de dous en dous, son cuatro. E logo fan dúas adiante e dúas atrás, de dous. Logo tres adiante e tres atrás, de dous. E logo xa se xuntan os catro e fan tres adiante e tres atrás. Logo empezan a facer a voltereta, forman un corro diante da Virxen. Acto seguido xuntan os arquiños de a dous e volven a empezar cas mesmas ceremonias, primeiro unha, logo duas, despois tres e fan outra volta desas. Despois fan unha media vuelta, tres veces. Logo volven facer outra voltereta. Logo fan o repaso que se chama, diante da Virxe. Logo outra voltereta. Despois poñense de dous en dous e fan o repaso a toda a procesión. Empezan a camiñar un por cada lado, en cada santo cruzanse, ó baixar e ó subir e ó chegar diante da Virxen do Rosario que e donde terminan sempre as funcións fan outra voltereta. Logo empezan outra cerimonia cos arquiños enganchados en fila de a un, os cuatro, e van facer outro repaso arredor da procesión e ó chegar a xunto da Virxen, volven facer outra voltereta. E logo xa dan media volta e bailan un punto de muiñeira por aquí abaixo hasta chegar donde está o primeiro santo. Termina a primeira parte. A procesión sigue, ven dar a volta o cruceiro e sigue. Eles esperan ahí outra vez e ó subir volven a

empezar as mesmas ceremonias, pero agora a procesión xa non está parada, polo cal fan as ceremonias que lles quepan nese traecto" ⁵.

Antano había seis danzantes e un persoeiro, ao que algúns lle *chamaban "o Bruxo", "Pomponiges"* e outros *"Felo"*. Levaba posta unha careta de trazos sinistros, e portaba unha escornacabra -arbusto de madeira dura ao que lle saen as frores a xeito de racimos-. Este personaxe -segundo **Víctor López Villarabid**- tiña como función repartir lategazos ao igual que os cigarróns e peliqueiros Verín e Laza (Ourense). Antano, a actuación do "Pomponiges" e os seus lategazos a outros danzaríns foron motivo, en máis dunha ocasión, que a procesión rematase nunha verdadeira loita; outras veces, o desquite tiña lugar cando terminaba o ritual ⁶.

Outra interpretación sobre a función que tiña este personaxe era a seguinte: o devandito persoeiro ía diante dos danzantes afastando a todas aquelas persoas que puidesen impedir, por falta do espazo, que os danzaríns bailasen ó redor das imaxes, que saían na procesión. Nesta segunda interpretación podemos apreciar certo paralelismo coa función que tiña "O Meco ou Felo", no santuario da Ermida (Queiroga) ⁷. A orixe da danza é incerto e hipotético. De tódolos xeitos sabemos con seguridade que a devandita danza xa existía en Galicia a mediados do século XVI, como nolo recorda **Pérez Constanti** ó facerse eco dos seguintes acordos consistoriais do ano 1565.

"Que los oficios e cofradías e mayordomos dellas para la procesión y regocijo de Corpus, agan cada uno de ellos las danzas que hicieron el año pasado, y ansy les repartieron a cada uno de dichos oficios lo que abia de hazer en la manera siguiente:.....a los sastres, su dança de espadas con que ellas bayan muy bien aderesçadas.....y al oficio de Sto. Thomé que son pedreros y carpinteros, lleven una dança de arcos muy bien hecha..." ⁸.

Por outra banda existe algunha referencia bibliográfica e tamén arqueolóxica que me leva a establecer a hipótese de que esta danza puidese ser orixinaria dos primeiros séculos medievais e mesmo antes. Así en 1790 **D. Gaspar Melchor de Jovellanos** tratando na súa memoria sobre os espectáculos das romaxes, pensaba *"que debían de haberse creado por la mayor parte en la*

⁵ Informante da Cervela. Manuel López González.

⁶ LÓPEZ VILLARABID, Víctor.- "Danzantes de "A Cervela", Artigo do diario de Lugo "El Progreso", 31-8-89.

⁷ BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel.- " La devoción popular en el Santuario de La Hermida" (Queiroga)", Lucus, Boletín Informativo de la Excma. Diputación de Lugo, Nº 42, páx. 36.

⁸ PÉREZ CONSTANTÍ, Pablo.- "Notas viejas galicianas", Santiago, 1926, T.II.

FRAGUAS, Antonio.- Palabra "Danza", G. Enciclopedia Gallega, Santiago, 1974, T.8, p. 224.

primera época medieval, y que las danzas que en ellas se hacen debían de haberse ideado también por entonces..."⁹

Con respecto á referencia arqueolóxica hai que ter en conta a opinión que nos dá **M. R. Pombo**, que tenta dar unha orixe pagán a devandita danza, logo cristianizada, ao relacionar o danzante pétreo que hai nun baixo relevo do monumento romano de Santa. Eulalia de Bóveda (Lugo) cos danzaríns da Cervela.

"Los danzarines de Cervela portan arcos engalanados por multitud de pequeños trozos (tiras) de colores, y es aquí la cierta similitud con el danzarín pétreo que existe en un bajo relieve del monumento romano de Sta. Eulalia de Bóveda (Lugo), puede ser cierto que nada haya en común pero también nos cabe la posibilidad de que estemos ante unas claras reminiscencias folklóricas de origen pagano, que, con el decorrer de los tiempos fueron adaptadas a las fiestas religioso-populares"¹⁰. Neste monumento romano hai outro relevo con cinco figuras danzantes que sosteñen guirlandas ou algo similar por riba das súas cabezas, que moi ben puideran ser arquíños, co que se segue mantendo a posibilidade da devandita relación.

"A ambos lados de la parte exterior del pórtico hay dos relieves con figuras danzantes (en grupo y aisladas) sosteniendo guirnaldas o algo similar por encima de la cabeza"¹¹

Na actualidade esta danza é a única que queda na provincia de Lugo no seu xénero. No obstante, non hai moitos anos había unha danza similar no santuario da Virxe de Guadalupe (San Vitorio) (Saviñao) é tamén nunha parroquia do municipio de Bóveda, chamada Remesar. ***"...parece que también en Remesar, localidad del municipio de Bóveda, cercana a Cervela, se mantuvo durante años una tradición semejante"***¹².

No santuario da Virxe de Guadalupe, inicialmente houbo catro parellas de danzantes, ficando logo en tres, que se adicaban a facer "as venias" a Virxe; a realizar "repasos" por toda a procesión, e logo "volteretas" ó redor da Virxe.

Levaban unhas castañolas, que era un instrumento músico de percusión composto de dúas pezas cóncavas de madeira, en forma de cuncha, ligadas cun cordel aos dedos que as fan bater unhas contra outras. A vestimenta era moi semellante á dos danzantes da Cervela, destacando unhas mantillas de diversas cores que levaban postas sobre os ombros.

⁹ CARO BAROJA, Julio.- " El estío festivo", Fiestas populares del verano, Taurus, Madrid, 1984, páx. 108.

¹⁰ R. POMBO, M.- Leyendas." Un baile ritual en honor a Sta. Lucía", Suplemento de la Revista Lucus nº 42, 1994, páx. 55.

¹¹ ARIAS VILA, Felipe.- Palabra "Sta. Eulalia de Bóveda", G. Enciclopedia Gallega, T.4, páx. 38.

Este ritual desapareceu a finais do segundo tercio do século XX. Con todo, na lembranza dalgunhas persoas do lugar aínda fican os nomes dalgúns danzantes como, **Manuel Gacio Carrasco**, **Jesús do Vallecas**, **Manuel López do Vallecas**, **Pablo do Rosende**, **Alfredo do Xaquín**, etc.

No santuario da Virxe da Saúde, hai moitos anos había a "**Danza dos Paos**", que na actualidade está case esquecida. Nesta danza inicialmente participaban oito danzantes, que ían diante da procesión, catro a cada lado, facendo sonar entre eles os paos que levaban nas súas mans. Ó rematar a procesión colocábase no campo da festa unha alta pértega da que pendían cintas de distintos cores, cada unha das cales era collida por un danzante. Logo facíase a danza arredor da pértega entrelazando as cintas e bailando no sentido oposto para deixalas na súa posición orixinaria. Este ritual desapareceu nos anos corenta do século pasado.

De tódolos xeitos esta danza foi representada dunha maneira illada nalgún acto tradicional das festas de Chantada e o grupo "Luar na Lubre" grabouna nun disco, gracias a que o director do grupo de gaitas "Os Barrios", Graciano Argiz, coñecía aínda a súa música.¹³

Na actualidade (Ano 2019) a Danza da Cervela é a única, que segue operativa na provincia de Lugo.

5. A FESTA PROFANA.

Neste santuario séguese facendo a festa profana, reflectida nos foguetes anunciando os diferentes intres da festa; nos diferentes carruseis e tómbolas; nos postos das lambetadas; e, finalmente, nas orquestras e grupos de gaiteiros. Estamos nun tempo de lecer.

A festa nos santuarios abre a comunidade ao exterior por medio do baile e a comensalía cos parentes e amigos doutros lugares. Por medio da comensalía renóvanse as relacións non só entre amigos senón tamén entre as diferentes casas da familia. *"Los centros parroquiales se convierten en punto de reunión de parroquias vecinas, con la colaboración de la íntima fiesta familiar de cada*

¹² LÓPEZ VILLARABID, Víctor.- Artigo do diario "EL PROGRESO", xa citado.

¹³ RODRÍGUEZ PORTO.- "La Romería da Saúde". Artigo do diario "El Progreso". 5-9-89.

casa y de sus parientes extra-comunitarios.¹⁴ "...hai unha multitude de xente, maiormente mozos, que veñen o día da festa. Estes visitantes, mozos, veñen só pola tarde para bailar"¹⁵.

Por outra banda tanto nas festas patronais como noutras asociadas a pequenos santuarios, ademais do elemento de comunicación co exterior, hai que ter en conta o elemento de cohesión da comunidade parroquial. A festa serve para manifestar a cohesión interna do lugar, sendo o santo a súa peza fundamental, ao ser o símbolo da comunidade.

"El santo preside formas sociales particulares, modos locales de convivencia, y reciprocidad, experiencias cotidianas de trabajo y ocio, vivencias acumuladas de crisis y sufrimiento."¹⁶.

A cohesión como grupo móstrase no intento de emular por medio da festa coas comunidades veciñas, de tal xeito que os outros núcleos de poboación poidan darse conta do esplendor, do luxo da festa, da súa grandeza, do número de músicos, das bombas empregadas, etc.

Finalmente a festa convértese nunha forma de liberación da sensibilidade, xa que é o momento no que se consinte a ruptura das normas e regras que presionan e reprimen a conducta dos membros dunha comunidade. ***"La fiesta es siempre un rito de paso. Ella marca el paso de un año a otro, y para efectuar este paso, está siempre tentada de decretar una inversión de las concepciones y de las conductas de la vida corriente de las que sale durante la fiesta para poder volver a entrar renovado y cambiado"***.¹⁷.

Nota. O mapa foi realizado polo delineante José Luís Mendaña Justo.

¹⁴ FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A.- *Antropología de un viejo paisaje gallego*, Centro de Investigaciones Sociológicas, Ed. S. XXI, Madrid, 1984, páx. 259.

¹⁵ MANDIANES CASTRO, M.- "Antropología dunha parroquia galega", LOURESES, Galaxia, Vigo, 1984, páx. 120.

¹⁶ LISÓN TOLOSANA, Carmelo.- *Antropología social y hermeneutica*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1983, p. 60.

¹⁷ PITT RIVERS, Julián.- "L'identité locale vue à travers la fête", Coloquio Hispano-Francés, Culturas Populares, Diferencia, Divergencias, Conflictos, Universidad Complutense, Madrid, 1986, páx. 19.

6. ILUSTRACIÓNS DO SANTUARIO DA CERVELA



IMAXE DA SANTA LUCÍA



RITUAL DE CONTACTO. A DEVOTA PASA UN PANO POLA IMAXE DA SANTA LUCÍA



RITUAL DE CONTACTO. DEVOTAS PASANDO OS PANOS POLA ENTIDADE SACRA.



OS DANZARÍNS DA CERVELA. ÚLTIMA DÉCADA DO SÉCULO XX.



DANZA DOS ARCOS. AS VENIAS.



DANZA DOS ARCOS. AS VENIAS



DANZA DOS ARCOS. OS CORROS.



DANZA DE ARCOS. DISTINTAS FORMAS DE “VENIAS”



DANZA DOS ARCOS. OS CORROS.



DANZA DOS ARCOS. VOLTERETAS.



DANZA DOS ARCOS. OS CATRO DANZANTES FACENDO AS VENIAS.

SANTUARIO DA ADVOCACIÓN MARIANA DOS REMEDIOS (FOILEBAR)

1. LOCALIZACIÓN.

1.1 **P. Eclesiástico.** Freguesía de Santa María de Foilebar. Arciprestado de O Incio. Diocese de Lugo.

1.2 **P. Civil.** Parroquia de Foilebar. Concello lucense de “O Incio”.

1.3. COORDENADAS U.T.M.

X: 639.471

Y: 4.726.933.

2. TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

Trátase dun templo parroquial construído con cachotería de pizarra. Posúe un pórtico cuberto a tres augas; unha espadana con dúas campás; e dous ventanais aos flancos da porta principal. No seu interior, móstranse as imaxes da Virxe do Rosario, e San Antonio de Padua.

3. PIEDADE POPULAR.

3.1. FESTIVIDADE.

A conmemoración festiva da Virxe dos Remedios, levase a cabo os días 8 e 9 de Setembro.

3.2. TERRITORIO DE GRACIA.

Acoden devotos das parroquias de Vilarxán, das do Val do Mao, de Hospital, de Toldaos, de Reboiro, da Cruz do Incio..., pertencentes ao concello de O Incio: tamén, veñen de parroquias cercanas ao recinto sacro, mais xa formando parte doutros concellos como Samos e Sarria preferentemente.

3.3. PETICIÓNS.

Doenzas humanas. Pedimentos ligados coa facenda familiar.

3.4. RITUAIS.

3.4.1. MISAS.

Desde primeiras horas da mañá ata a primeira hora da tarde oficianse varias misas.

3.4.2. RITUAL DA PROCESIÓN.

Ao rematar a misa solemne, que se concelebra a primeira hora da tarde, sae a procesión. Nela adoitan intervir os seguintes elementos: a cruz parroquial, portada por un home da parroquia; logo, a imaxe do San Antón de Padua, portada nas andas por homes da freguesía; a continuación, as advocacións marianas dos Remedios e do Rosario, levadas nas andas por mulleres da comunidade parroquias; finalmente, os cregos, que concelebraron a misa, seguidos dalgúns membros da orquestra, e dalgúns devotos. Algúns dos fieis, que portan as andas soen estar ofrecidos a Virxe dos Remedios.

3.4.3. RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA.

Algúns devotos bican e pasan panos polo manto da Virxe cunha finalidade profiláctica e curativa.

3.4.4. RITUAL DE “ANDAR NOVENAS”.

Algunhas devotas dan voltas, de pe ou de xeonllos, ó redor da Virxe. O normal son nove voltas. Este ritual recibe o nome de “Andar novenas”.

3.5. OFRENDAS.

3.5.1. A esmola en metálico quedou practicamente restrinxida ás boetas e ao que dan os fieis no transcurso das misas.

3.5.2. Algúns devotos seguen ofrecendo misas.

3.5.3. Ofrecen “velóns” (cirios pequenos), que permanecen acesos no interior da igrexa.

3.5.4. Hai devotas que ornamentan a imaxe da Virxe con flores.

4. BIBLIOGRAFÍA.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Ministerio de Cultura. T.III. 1980, páx 91.

5. ILUSTRACIONES.



ADVOCACIÓN MARIANA DOS REMEDIOS



DEVOTOS OÍENDO A MISA CONCELEBRADA POR TRES CREGOS



***DEVOTA REALIZANDO O RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN
Ó REDOR DA ADVOCACIÓN MARIANA. “ANDAR NOVENAS”***



RITUAL DE CONTACTO. DEVOTAS PASANDO AS SÚAS MANS POLO VESTIDO DA VIRXE DOS REMEDIOS.



DEVOTA OFRECENDO UN CIRIO ACESO



FREGUÉS ENCARGADO DE RECADAR A ESMOLA

GRANDES FESTAS EN
FOILEBAR
Na honra a Virxe dos Remedios
OS DÍAS 7, 8 E 9 DE SETEMBRO DE 2014

DÍA 7
Chourizos, Pancetada e Queimada amenizada polo

Dúo BANDONEÓN

DÍA 8
Misa solemne ás 13:30, procesión
Sesión vermouth coa orquestra D'NOCHE
Festa e verbena coa orquestra

D'NOCHE

DÍA 9
Misa solemne ás 13:30, procesión
Sesión vermouth coa orquestra GALAXIA
Festa e verbena coa orquestra

GALAXIA

 **CAPON ESPECTACULOS**

Tel/Fax 982 538 063
659 080 152
OLEIROS, 2
Láncara (Lugo)



CARTEL DA FESTIVIDADE DOS REMEDIOS



RITUAL PROCESIONAL



RITUAL PROCESIONAL. DETALLE DA ADVOCACIÓN DOS REMEDIOS.

